

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICA MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN ORDINARIA DO CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL DE "EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA DA CASA DA CULTURA DO MILLADOIRO", CONCELLO DE AMES.**

Na Casa Consistorial de Ames sendo as 12.00 horas do día 3 de maio de 2016, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do expediente anteriormente referenciado.

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

**David Santomil Mosquera**, concelleiro delegado de Educación e Cultura.

**Vogais:**

**Concepción Vilas Cantelar**, secretaria accidental do Concello de Ames

**Jose Antonio Rueda de Valenzuela**, interventor do Concello de Ames

**Rogelio Pardo Martínez**, xefe do servizo de contratación do Concello de Ames

**Secretaria:**

**María Isabel Quintáns Rios**, auxiliar administrativo do departamento de Contratación.

Dirixido escrito razoado ao Servizo Público de Emprego explicando os motivos da petición de información daqueles licitadores que presentaron tarxeta de demandante de emprego, aos efectos de non resultaren perxudicados pola non puntuación do criterio de Situación de desemprego, este nos comunica que a información que se lle solicita ten carácter protexido, de acordo coa normativa específica, e que dende o Servizo Público de Emprego só pode facilitaráselle esta información aos propios interesados, non atendendo polo tanto a petición efectuada dende o concello.


Relación dos licitadores aos que se lle solicitaba aclaración da situación:

- Marcos Castro García
- Juan Carlos de Jesus Calvo
- M. Jesús Silva Conde
- Micaela Mourelle Blanco
- Alberto Iglesias Segarra
- M. Victoria Eugenia Vázquez Otero

Á vista da negativa do Servizo Público de Emprego de facilitar as aclaracións oportunas e os datos solicitados dos licitadores anteriormente referenciados, e, en aras de que non resultaren perxudicados no procedemento ningún dos licitadores presentados, e de maneira especial aqueles que acreditan a súa situación de desemprego, a mesa de contratación ao amparo do artigo 22 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos da Administración Pública e cláusula 20.3.d) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares acorda requirir a cada un dos licitadores afectados pola valoración da situación de desemprego aclaración acerca de documentos xa presentados, neste caso a tarxeta de demandante de emprego, para que nun prazo de 5 días laborais aporten un Certificado de períodos de situación de

desemprego, xa que segundo o Servizo Público de Emprego corresponde ao documento que permitiría á mesa de contratación valorar dunha maneira totalmente obxectiva este criterio.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor presidente deu por rematado o acto, sendo as doce horas e quince minutos do que se expide a presente acta, que en proba de conformidade, asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria da mesa, certifico.



The image shows five handwritten signatures in black ink. The signature in the center is circled and reads "Don Quijotes". To its right is a signature that appears to be "M. M.". Below the central signature is a large, stylized signature. To the right of that is another signature, and below it is a signature that appears to be "A. A.". The signatures are arranged in a loose, horizontal line across the middle of the page.